

# MIDNIGHT SPECIAL

[Jeff Nichols, 2016]

# 191

ESTREA EN NUMAX: 15.01.2017 | V.O.S.E. | +12

Midnight Special (2016, 111')

**Dirección:** Jeff Nichols

**Guión:** Jeff Nichols

**Reparto:** Michael Shannon, Jaeden Lieberher, Joel Edgerton, Kirsten Dunst, Adam Driver, Sam Shepard, Paul Sparks, David Jensen, Scott Haze, Garrett Hines, James Moses Black

**Vestuario:** Erin Benach

**Son:** Jeremy Bowker

**Montaxe:** Julie Monroe

**Música:** David Wingo

**Fotografía:** Adam Stone

**Produtora:** Warner Bros., Faliro House Productions, RatPac-Dune Entertainment, Tri-State Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Warner Bros

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Loving*, 2016

*Mud*, 2012

*Take Shelter*, 2011

*Shotgun Stories*, 2007

## PREMIOS E FESTIVAIS

Berlín 2016 (sección oficial)

Sarasota 2016 (premio do público)

## SINOPSE

Un home, Roy (Michael Shannon), e o seu fillo de 8 anos Alton (Jaeden Lieberher) son perseguidos polo goberno cando o neno desenvolve poderes especiais. Ambos foxen sen descanso axexados polo goberno e un grupo de extremistas relixiosos mentres tentan chegar a unha localización secreta para estaren a salvo.

«E.T. volve a casa. Unha marcianada tan magnética e irrenunciábel como gozosamente desconcertante. Nichols ergue un filme tan inxenuo como turbio, tan triste, tan brillante»

Luis Martínez, EL MUNDO



# MIDNIGHT SPECIAL

[Jeff Nichols, 2016]

## «O filme é unha meditación sobre a relación entre pais e fillos»

**Entrevista a Jeff Nichols**

Por Daniel Eagan

### Como describirías *Midnight Special*?

Podería comezar co mesmo reclamo do cartaz, que é unha invitación ao público desde o cinema de xénero, dun filme de ciencia ficción que atrapa o espectador. Unha invitación a mercar flocos de millo e deixarse atrapar. Mais cando falo do filme gústame falar tamén da historia dun pai e seu fillo a escapar. E se vou un pouco máis ao fondo, digo que realmente é unha meditación sobre a relación entre pais e fillos.

Tracei unha longa liña na area cando comecei a falar de márketing coa Warner Bros. Dixen: «Estas son as cousas que ides precisar para chamar a atención do público xeral. Mais estas son as cousas que non podedes mostrar».

**Falaches das influencias de *Starman* (John Carpenter, 1984) e *Encuentros en la tercera fase* (Steven Spielberg, 1977), e mesmo *Loca evasión* (Steven Spielberg, 1974). Son pistas que lanzas dalgún xeito, non é?** Si, desde logo, cómpre darlle á xente algunhas claves do que van ver cando entren na sala.

**É moi diferente traballar nun sistema de estudos?** No set de rodaxe teño o mesmo equipo de traballo ca sempre, co engado obviamente de máis persoal. Daquela sentinme relativamente a salvo, dun xeito similar aos outros filmes en termos do proceso. Non é como cando o desenvolvemento dun guión ten que pasar polo estudio. Fun a eles con todo o pack preparado, Michael Shannon incluído, e díxennlles que iso era o que eu quería facer. Gustoulles, e ese crédito no proxecto fixo que o respectaran durante todo o proceso. Son xente moi intelixente. Sabían o que estaban a mercar en termos de orzamento.

**E tiveches o control sobre a montaxe final.** O meu control sobre o corte final fíxeno público, non para sacar peito senón para asegurar os meus fans do pasado. «Non teñades medo», quería dicirlles, eu son o responsábel último, se non vos gusta o filme tedes que culparme só a min e a ninguén máis. Mais en realidade, nun estudio, a xente que che está a pagar tamén paga a súa estrea e queres que lles guste, que sexan parte dela. Son algo máis ca un banco que che empresta diñeiro para facer o teu filme.

**Es deliberadamente seco co espectador neste filme. Non te preocupas en achegar os antecedentes da historia, non todo o mundo vai entender todo o que sucede.**

Escribín un guión moi sintético en termos de exposición dos acontecementos. Ese era o principio fundamental do guión. E por veces tiña que decidir se achegar ou non certa información pola que o público se ía interrogar. Preguntábame se existía unha maneira de explicar cousas sen estragar a miña idea narrativa previa. Foi unha caste de experimento narrativo, como un pacto co público. Ti, espectador, pode que non entendas todo e eu, cineasta, acepto as consecuencias disto. Mais a cambio agardo que experimentes outras sensacións a partir deste estilo de relato. Pode que acades unha experiencia máis profunda como resultado de todo isto.

**O que me asombra dos teus filmes é que parecen estar a acontecer diante do espectador, nun espazo abstracto e cinematográfico.** Tentei ser pragmático e honesto cos comportamentos que puxen en escena. Se o actor é quen de encarnar de xeito natural o personaxe en escena, o público tamén poderá facelo, porque os actores non foxen da súa propia condición. Ningún personaxe vai facer nada que traizoe o que eles son, daquela realmente sentes que te desprazas dun momento ao seguinte. Os puntos conéctanse e non porque unha man omnisciente estea a mover pezas de xadrez no taboleiro.

**Logo da escena na estación de servizo poderías ter feito practicamente o que quixeses no filme.** E practicamente é o que fixen.

Publicado en <http://www.filmcomment.com/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

*Mud*, Jeff Nichols. Sony Pictures [DVD]

*Take Shelter*, Jeff Nichols. Cameo [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME